

INTERVENCIÓN DO AUTOR DA EDICIÓN CRÍTICA DE *LA MARQUESA DE CAMBA*, XOSÉ RAMÓN FANDIÑO, NO ACTO DE PRESENTACIÓN DA OBRA, NO CENTRO CULTURAL DO ENSANCHE, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, O 22 DE OUTUBRO DE 2008

O 29 de xuño de 1366, diante da porta da catedral de Santiago, tivo lugar o asasinato do arcebispo Suero Gómez de Toledo e o deán Pedro Álvarez, a mans de Fernán Pérez Churruchao e de Alonso Gómez Gallinato. Este contrastado feito histórico é o que nos conta Antonio Neira de Mosquera na súa novela *La marquesa de Camba*, publicada en Madrid en 1848.

Este asasinato hai que entendela no contexto das tensións entre a nobreza galega baixomedieval e a loita dinástica entre o rei Pedro I, tamén chamado o cruel, e o seu irmanastro Henrique de Trástanara. Pedro I, deposto rei de Castela, veu a Galicia a reunirse cos seus partidarios para organizar a recuperación da coroa que lle arrebatara don Henrique. Pero en Santiago, Pedro I atopouse co arcebispo, firme partidario do Trástanara, que tamén encarcerou e mandou matar nos calabozos do castelo da Rocha Forte a Alonso Suárez de Deza, partidario do Rei don Pedro, pai de Fernán Pérez Churruchao e esposo de dona Marcelina Camba de Villalobos. Tanto Fernán como Marcelina clamaban vinganza e obtiveron permiso do Rei para perpetrar o asasinato, que tivo lugar cando o arcebispo presidía a procesión do Corpus que quería rematar coa asonada que proclamase que Galicia estaba co bastardo Trastámara. Pero de entre a multitude xorden dous encubertos cabaleiros que feren de morte ao prelado e ao deán, que foran os que ordenaran a morte de Suárez de Deza. As crónicas aseguran que os autores de tan truculento asasinato foron o Churruchao Fernán Pérez e Gallinato, pero Neira de Mosquera para darlle máis forza dramática e máis credibilidade romántica ao relato introduce a figura de dona Marcelina como protagonista absoluta e autora do morte de don Suero.

A partir de aquí, a imaxinación do autor da novela tórnase caracteristicamente romántica e dona Marcelina, que cambiou o traxe de señora polo áspero saial de peregrina, a través de tormentas e naufraxios marítimos, dirixese a Roma, onde implora o perdón que puidese afastar da súa conciencia o terrible azoute do remordemento, e que o Papa non lle concede:



alvarellos

EDITORA

Mi historia, no comienza en la procesión del Corpus, sino en los calabozos del castillo de Rupefert. Mi esposo asesinado reclamaba la muerte de don Suero de Toledo. Esta cadena indestructible me arrastró hacia el principio de la eterna condenación. Oh!... la venganza implacable de una mujer vilipendiada armó mi mano y dirigió mi brazo hasta herir de muerte al arzobispo de Santiago.

Mientras tanto, o Churruchao Fernán Pérez incorporouse como capitán ao exército de don Pedro e en abril de 1367 participou e morreu na batalla de Nájera na que venceron ao Trastámara e recuperaron a coroa do rei de Castela. Fernán exhalou o seu último suspiro no campo da batalla e deixou atormentada a alma namorada de dona Beatriz, a filla de don Pedro. Ante tal infortunio, dona Beatriz decidiu renunciar ao mundo para profesar na cela dun convento. De camiño cara a Tordesillas, onde a esperaban un arquitecto para construír o convento e un bispo para bendicilo, a Infanta atopouse no desfiladeiro de Roncesvalles cunha aldraxada romeira que resultou ser a Marquesa de Camba. Ao cabo dalgúns meses, ambas profesaron no convento de Santa Clara. A Marquesa foi nomeada abadesa e alí morreu en olor de santidad expiando o delito de dar morte ao arcebispo de Santiago.

O asasinato do arcebispo conmocionou a cidade de Santiago e o cabido reclamou de don Henrique de Trastámara a confiscación dos inmensos bens dos Churruchaos. Así, os castelos de Deza, Mesía e Pontevedra foron convertidos en ruínas e o palacio dos Churruchao en Santiago reducido a escombros e sementado de sal para maior afronta e vilipendio da familia. O cabido tamén pechou as portas da catedral ata ser purificada e, mentres tanto, celebraba os actos litúrxicos no mosteiro de Santa María de Conxo, relativamente distante do centro da cidade, o que obrigaba a empregar case toda a mañá aos que alí acudían aos oficios relixiosos. E a xente do común, para dar resposta aos que preguntaban por algunhas persoas que se facían esperar moito tempo popularizou a frase de *vaiche na misa en Conxo*, expresión utilizada ata non hai tanto tempo: *¡Vaiche na misa en Conxo!*

Pedro I tamén está unido á historia de Galicia por casar coa nobre galega Xoana de Castro, que foi raíña de Castela unha soa noite. Foi obxecto da paixón amorosa do terrible don Pedro o Cruel, que a repudiou a mesma noite de vodas. A súa irmá Inés reinou en Portugal despois de morrer e Xoana reinou en Castela unha



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

tristísima noite. Dona Xoana xace enterrada na catedral de Santiago e dona Inés e o seu esposo na igrexa conventual de Alcobças. A sorte corrida por estas dúas irmás foi interpretada por Otero Pedrayo coma o símbolo dos tristes destinos políticos de Galicia e como xustificación de que por tanto tempo fosen esquecidos os valores históricos de Galicia.

Repercusións literarias do asasinato de don Suero na literatura galega

O dobre asasinato do arcebispo e do deán serviu de tema non só ao romance de *La Marquesa de Camba*, senón tamén a outras obras literarias xurdidas durante a efervescencia do Romanticismo. As de maior repercusión foron o drama en prosa e en verso *Fernán Pérez Churruchao y el arzobispo don Suero*, de Xosé Rúa Figueroa, publicado e estreado en Santiago en 1841 e que de inmediato foi prohibido pola censura eclesiástica, e o drama de Daniel Balciart *La calle de la Balconada*, estreado no teatro Novedades de Madrid en xaneiro de 1875. Neira confesa que para preparar esta novela se baseou nun curioso impreso apócrifo titulado *De la nobleza de la Casa de Camba y sus principios y fundación del castillo de Castro-Candal*, pero tamén na historia e na fábula e nas crónicas contemporáneas, a veces contraditorias.

Todas estas obras teñen en común a falsificación dos feitos xurdida pola mestura de diversos episodios históricos acronolóxicos que tiveron como protagonistas a arcebispos composteláns e a membros da familia Churruchao. Todas tratan de xustificar o que pola historia foi cualificado de horrendo crime. Tanto López Ferreiro como Xosé María Carracido ou Barreiro de Vázquez Varela critican por irrespectuosas coa historia as obras de Rúa Figueroa, Neira e Balciart. Barreiro refuta que o asasinato se puidese perpetrar no día do Courpus Christi, pois nin a festividade nin a procesión figuraban entre as celebracións relixiosas de 1366. Tampouco non acepta, como pretende Balciart, que o crime tivese lugar na rúa da Balconada, intermedia entre a Rúa Nova e a do Vilar, da que el nega a existencia, por moito que as coplas populares falasen dela:

*Pretiño da Rúa Nova
na rúa da Balconada,
mataron noso arcebispo
por celos dunha madama.*



La Marquesa de Camba publicouse en Madrid, na editorial Vicente Lalama en 1848, dividida en dúas partes de 12 capítulos a primeira e 9 a segunda, que, ademais contén unha “Advertencia” do autor, unha biografía do rei D. Pedro titulada *Pedro el Cruel* da que é autor Luís Villanueva, un retrato de don Pedro e unha coda ou “Conclusión” na que o autor explica que, cinco séculos despois, en Tordesillas aínda se gardaba memoria dos sucesos acontecidos a dona Marcelina Camba de Villalobos.

Os exemplares da primeira e única edición ata agora de *La Marquesa de Camba* foron retirados pola censura da época, que non admitía o sacrílego crime e que a figura do don Suero fose tratada como a dun lascivo, cruel e sanguinario personaxe. Por iso era tan difícil ata agora poder acceder á lectura desta novela, ausente de todas as importantes bibliotecas galegas. Sen embargo, tivo gran resonancia e foi traducida ao portugués e publicada en Porto en 1852.

Tal vez pola súa inexistencia e polo toque misterioso que para os composteláns supuxo a historia dos Churruchao, sempre sentín curiosidade por esta novela perdida e por Neira de Mosquera, sobre todo desde que coñecín a edición que das *Monografías compostelanas* fixo Varela Jácome en 1950 para Bibliófilos Gallegos, na que asegura que “Neira es uno de los escritores del renacimiento literario gallego del siglo XIX que no han encontrado aún el puesto que merecen en el concierto de la literatura hispánica, por falta de una valoración acertada de sus obras”. Varela Jácome, tal vez o mellor coñecedor da vida e obra de Neira e que me honrou coa súa simpatía e cercanía recoñeceume que el non coñecía este texto e animoume a intentar recuperalo. Despois de dar máis voltas que unha buxaina, un libreiro de vello que non quere que dea o seu nome levoume á súa particular Biblioteca de Babel e mostroume un fermoso e coidado exemplar dun libro no que na cuberta se podía ler: LA MARQUESA DE CAMBA. NOVELA ORIGINAL ESPAÑOLA DEL SIGLO XIV. SU AUTOR **DON ANTONIO NEIRA DE MOSQUERA**. MADRID: 1848. IMPRENTA DE D. VICENTE DE LALAMA.

Semblanza romántica de Neira de Mosquera

O autor de *La Marquesa de Camba*, Antonio Neira de Mosquera, pertence á xeración que os historiadores da Literatura galega denominan *Provincialista*, un grupo de escritores e intelectuais que senten a inquedaanza de reafirmar a personalidade histórica e cultural de Galicia. Esta xeración de mozos universitarios viron freadas as



súas ansias democratizadoras e de redención de Galicia tralo levantamento de 1846, iniciado co pronunciamento do comandante Miguel Solís e concluído co fusilamento dos Mártires de Carral e co exilio de moitos deles. Agrupábanse na *Academia Literaria* de Santiago á que pertenceron Añón, os irmáns Faraldo e Camino, Neira de Mosquera, Rúa Figueroa, Romero Ortiz, na que se promovían debates sobre temas filosóficos, históricos e se organizaban lecturas literarias de orixinais dos seus membros.

Unha das figuras máis representativas desta época de rexeneración literaria foi, sen dúbida, **Antonio Neira de Mosquera**, autor dunha importante obra literaria na que campaa un temperamento romántico inconfundible. Naceu en Santiago en 1823 e educouse nun ambiente familiar de tendencia liberal e delicada cultura. Prematuro en todo, aos catorce anos obtén o título de bacharel en Filosofía e aos quince foi acollido polo impresor Núñez Castaño, figura clave na introdución das revistas ilustradas en Galicia, que o incluíu como colaborador e corrector de probas do *Semanario Instructivo*. A partir de 1842 incrementou as súas colaboracións xornalísticas e foi director de *El Recreo Compostelano*.

En 1843 trasládase a Madrid e traballa como redactor de varios xornais políticos. A principios do ano 1844 iniciou as súas colaboracións no *Semanario Pintoresco Español* no que escribían Hartzenbusch, Zorrilla, Fernán Caballero, o Duque de Rivas, etc. e do que Neira chegou ser director e no que publicou os seus mellores estudos históricos e literarios.

A enriquecedora e frutífera estancia madrileña de Neira de Mosquera durou 5 anos, pois a causa do pasamento de seu pai regresou a Santiago en 1848 e retoma a actividade xornalística e literaria. Entre 1851 e 1852 dirixiu e foi o principal redactor de *El Eco de Galicia*, xornal bisemanal que trataba de outorgarlle a Santiago a capitalidade xeográfica e política de Galicia.

No terreo persoal, ao pouco do regreso a Santiago realizou os exercicios de Rexente de Literatura, rematou a carreira de Dereito e casou coa filla do impresor Núñez Castaño coa que tivo un único fillo, Cecilio, catedrático numerario de Prácticas de Operacións da Facultade de Medicina desde 1879. Os últimos anos da súa curta vida pasounos na Coruña como administrador da Casa Hospicio. Unha gravísima enfermidade pulmonar reduciu a súa actividade laboral, pero non a literaria. Morreu aos 31 anos de idade, o 9 de xullo de 1854.



Outra grande dimensión de Neira de Mosquera como escritor é a da tradición compostelá á que lle dedicou moitos dos seus mellores traballos, salientando sobre todos eles as *Monografías de Santiago*, libro publicado en 1850 na Imprenta da Viúva de Compañel. Tanto é así que coas *Monografías*, en opinión de María do Carme Ríos Panisse “Neira convértese no primeiro gran defensor de Santiago como centro político e cultural aglutinante do ser cultural de Galicia”. E na de Benito Varela Jácome “Neira era el escritor más versado en la historia compostelana y estaba por lo tanto en inmejorables condiciones para investigar los acontecimientos más salientes del desenvolvimiento de la Sede del Apóstol”.

Creo, pois, modestamente, que é un grande motivo de satisfacción que a editora Alvarellos e o Consorcio de Santiago decidisen tirar do prelo esta edición de *La Marquesa de Camba*, que ten como maior mérito rescatar do esquecemento e protexer da desmemoria esta novela que con esta iniciativa pasará a formar parte xa para sempre do acervo cultural deste lugar do mundo chamado Compostela.

Criterios desta edición

Esta edición de *La Marquesa de Camba* está tomada literalmente da publicada en 1848, a única existente se non consideramos a edición en portugués de 1852.

Se ben se supón que cando un autor decide imprimir unha obra presentará á imprenta un orixinal coidadosamente pulido e que, posteriormente, corrixirá as probas de imprenta e que, polo tanto, o texto impreso reflectirá exactamente a vontade do autor, no caso desta obra de Neira de Mosquera estes presupostos non se cumpren, pois son abundantes as grallas, as incoherencias ortográficas (abundantes confusións de /b/ e /v/ e /j/ e /g/ ata o punto de que o autor pode escribir *anduvieron* e pouco despois *andubieron*, *vigote/bigote*, *tuvot/tubo*, *grevas/grebas*, *rebelaban/revelaban*; *mujer/muger*, *ujier/ugier*, *dirigen/dirijen*, *jinetes/ginetes*, *religioso/relijioso*, *traje/trage*, *paje/page*) e un abandono moi importante da acentuación.

Por iso, sen alterar o texto desde ningún punto de vista gramatical, en busca da coherencia e de facilitar a lectura, modernizamos a ortografía e acentuación do texto, sen permitírmonos ningún outro tipo de licenza ou corrección arbitraria.



alvarellos

EDITORA

Pois ben, como diría o Teté Vergara do Monólogo de Silvio Rodríguez: “Favor no se molesten, que casi me estoy yendo”, pero non sen antes dedicarlle un cariñoso saúdo de agradecemento, en primeiro lugar a Isaac Díaz Pardo porque este traballo, coa súa complicidade, fixo uso dalgunhas horas a el debidas e en varias ocasións recibiu o seu alento coa expresión por el tan utilizada cando quere apoiar algún emprendemento do seu agrado: ¡Adiante!

Tamén a Miguel Anxo Seixas, que ao verme perdido polo cemiterio dos libros perdidos me axudou a atopar o novelo de Ariadna que me conducise á saída das labirínticas galerías hexagonais das ficcións borxianas. A Almudena Quintáns, funcionaria da biblioteca da Universidade de Santiago, que tan amablemente me axudou a simplificar os tediosos trámites burocráticos. E finalmente a Quique Alvarellos, competente editor e encantadora persoa, que coidou con primoroso esmero a pulcritude deste libro que hoxe presentamos. E como non podía ser doutro xeito ás personalidades que nos acompañan neste acto e, por suposto, a todos vostedes quédolles moi agradecido pola súa presenza.

Moitas gracias.



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info